

IES CONCEPCIÓN ARENAL (FERROL)
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Acceso ás ensinanzas artísticas superiores para os aspirantes que non estean en posesión do título de bacharel

Mediante a Resolución do 14 de abril de 2016 (DOG 28 de abril) convocase a proba de acceso, para os aspirantes que non estean en posesión do título de bacharel ou equivalente e fagan **dezaoto anos no ano 2016**, ás ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática, de Deseño, e de Conservación e Restauración de Bens Culturais, para o curso escolar 2016/17, así como para os aspirantes que non estean en posesión do título de bacharel ou equivalente e fagan dezaseis anos no ano 2016, ás ensinanzas artísticas superiores de Música

Lugar e prazo de inscrición

A inscrición realizarase na secretaría dos seguintes centros educativos entre o día **29 de abril e o día 30 de maio**, ambos inclusive:

- Conservatorio Superior de Música da Coruña.
- Conservatorio Superior de Música de Vigo.
- Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso da Coruña.
- Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo de Santiago de Compostela.
- Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón de Lugo.
- Escola de Arte e Superior de Deseño Antonio Faílde de Ourense.
- Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.
- Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia.

Desenvolvemento da proba

A proba de acceso realizarase o **día 6 de xuño**, ás **9.00 horas**, no **IES As Fontiñas de Santiago de Compostela**, de acordo co seguinte horario:

- 9.00 horas: presentación.
- Das 9.30 ás 10.30 horas: Lingua Estranxeira (Inglés ou Francés).
- Das 10.30 ás 11.30 horas: Lingua Castelá e Literatura.
- Das 12.00 ás 13.00 horas: Lingua Galega e Literatura.
- Das 13.00 ás 14.00 horas: Filosofía e Cidadanía ou Historia da Filosofía.
- Das 16.00 ás 17.00 horas: Historia de España ou Ciencias para o Mundo Contemporáneo.

As persoas inscritas deberán presentar, para a realización da proba, o seu documento oficial de identidade e copia da folla de solicitude de inscrición.

Máis información

http://www.edu.xunta.es/portal/sites/web/files/20160428_admision_artisticas_superiores.pdf